



Programación Docente de GUITARRA

Enseñanzas Superiores de Música Título superior de música (enseñanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA GUITARRA - 2º INSTRUMENTO I-IV

ESPECIALIDADE	Composición, Pedagogía								ITINERARIO	Composición, Pedagogía X e da L Musical
CARÁCTER	B) Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Individual
DEPARTAMENTO	GUITARRA								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	MARGARITA GARCIA ESCARPA
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	ANTONIO ROCHA ÁLVAREZ
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	30
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	3	3					Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	ANTONIO ROCHA ÁLVAREZ				antoniorocha@csmvigo.com				Lunes 12:30 – 13:30	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. Para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, 3, 6, 13, 15
XERAIS	X1, 3, 6, 8, 11, 13, 21, 24
ESPECÍFICAS	EC1, EC9 – EP2, EP3, EP5

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo, antebrazo, pulso, mans, dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.	Todas as mencionadas no apartado 2
Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.	“
Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.	“

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Funcións motoras	Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación. Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas. Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.	TODAS
Dixitación, son e recursos básicos	Principios xerais da dixitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais. Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento. Coñecementos básicos dos recursos da guitarra. Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.	TODAS
Método de estudo	Adquisición de hábitos de estudo correctos.	TODAS
Preparación de repertorio	Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico.	TODAS
Audicións	Contidos mínimos: Interpretación (nas audicións públicas ou de aula organizadas polo departamento) do repertorio para guitarra solista traballado na aula, de 5 a 10 minutos os cuadrimestres I e II, de 15 a 20 os cuadrimestres III e IV, O programa deberá interpretarse de memoria alomenos na porcentaxe de 50% os cuadrimestres I e II, e 75% os cuadrimestres III e IV	2
Total de sesións por cuadrimestre		19

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas: Revisión nos aspectos técnicos, formais, históricos, estilísticos ou artísticos no traballo realizado polo	17		17



alumno/a ao longo da semana coa axuda das novas tecnoloxías.			
Traballo persoal: Pescuda de información, análise, dixitación ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, carácter e demais recursos musicais en base á súa análise e ás fontes documentales. Profundización no traballo realizado coa axuda das novas tecnoloxías.		70	70
Audicións Presentación en público do repertorio do curso e presenza como ointe nas audicións do departamento de guitarra	3		3
Total de HORAS por cuatrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Valorarase as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe. Valorarase a implicación do alumno e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	TODAS	70%
Audicións públicas	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación.	TODAS	30%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiñada-December-)			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado por repertorio para guitarra solista, segundo a duración que se indica nos contidos mínimos. Valorarase o control técnico do instrumento, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas. a capacidade artística e de comunicación.	TODAS	100%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado por repertorio para guitarra solista, segundo a duración que se indica nos contidos mínimos. Valorarase o control técnico do instrumento, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas. a capacidade artística e de comunicación..	TODAS	100%
EXTRAORDINARIA			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado por repertorio para guitarra solista, segundo a duración que se indica nos contidos mínimos. Valorarase o control técnico do instrumento, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas. a capacidade artística e de comunicación..	TODAS	100%

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

Mauro Giuliani: "A Bolboreta" Op. 30
Leo Brouwer: "Estudos sinxelos"
Fernando Sor: Estudos op. 60
Mateo Carcassi: "25 Estudos
Manuel Maria Ponce: Preludios
Jean Absil: "Preludio e Barcarola"
Francisco Tárrega: "Bágoa"
Gaspar Sanz: "Españoletas"
Francis Poulenc: "Sarabande"
Fernando Sor: "Minuetos"